

**I PLAN DE IGUALDADE ENTRE
HOMES E MULLERES DO CONCELLO
DE RÁBADE**

2009-2013

ÍNDICE

• FUNDAMENTACIÓN.....	3
• MARCO INSTITUCIONAL E LEGISLATIVO.....	5
• FILOSOFÍA DO PLAN.....	7
• LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PLAN.....	9
• EDUCACIÓN E CULTURA.....	11
• FORMACIÓN E EMPREGO.....	15
• BENESTAR SOCIAL.....	19
• IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	22
• PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO.....	25
• SAÚDE.....	28
• VIOLENCIA DE XÉNERO.....	31
• AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO.....	34

FUNDAMENTACIÓN

O presente documento ten a intencionalidade de constituírse como instrumento de referencia en materia de igualdade, como elemento práctico de acción positiva promotor dunha real e efectiva igualdade entre homes e mulleres. A pesares de que nas últimas décadas se intensificaron as políticas, programas e actuacións desde diferentes organismos en favor do fomento de cara o recoñecemento social da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, un dos obstáculos máis contundentes que dificultan o desenvolvemento integral das persoas é precisamente a discriminación orixinada nas desigualdades social e culturalmente establecidas por razón de sexo.

Neste tempo son coñecidos numerosos estudos e informes que constatan as principais problemáticas que afectan ás mulleres galegas, entre as que se inclúen as rabadenses:

- Persistencia de roles tradicionais de xénero, reprodutores de comportamentos, valores e actitudes fundamentados en estereotipos sexistas.
- Asunción das responsabilidades do fogar, normalización da dobre (e incluso triple) xornada laboral da muller.
- Falta de visibilidade dos malos tratos e descoordinación institucional da intervención e prevención.
- Discriminación laboral e desvalorización social e económica dos empregos feminizados.

Neste senso entendemos o I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Rábade como un instrumento de traballo funcional portador dun conxunto de medidas interrelacionadas en materia de igualdade, que pretende combater estas desigualdades expresadas non só en circunstancias obxectivas (invisibilidade pública, ausencia de corresponsabilidade no fogar, desemprego, diferencias salariais, etc.), senón tamén no eido referido ós sistemas e relacións de poder, hábitos e comportamentos, modelos de vida e de construción de identidade, distribución e administración de tempos, oportunidades e espazos profesionais, sociais ou culturais.

O Concello de Rábade como Administración próxima á cidadanía, pretende exercer un papel activo, crítico e responsable en materia de igualdade a través da presentación do I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Rábade como compromiso formal encamiñado a:

- Mellorar a percepción social da igualdade entre mulleres e homes.
- Mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación.
- Fomentar a formación e sensibilización en igualdade e corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil.

MARCO INSTITUCIONAL E LEXISLATIVO

O impulso que os poderes públicos lle están concedendo ó traballo pola igualdade é consecuencia do recoñecemento explícito da desigualdade existente entre homes e mulleres, así como da demanda social de cara a acadar unha renovación profunda da estrutura da nosa sociedade adecuada ás novas circunstancias e necesidades da mesma.

Deste xeito, progresivamente os poderes públicos traballan nun marco normativo referencial que recolla e xustifique a necesidade de poñer en marcha medidas concretas orientadas á alcanzala igualdade. Consecuentemente, o I Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres do Concello de Rábade, concíbese como un recurso funcional de traballo pola igualdade enmarcado nun proxecto institucional e lexislativo común.

O dereito á igualdade entre homes e mulleres encóntrase apoiado por diversos marcos normativos de ámbito internacional, comunitario, estatal e autonómico:

- **Ámbito Internacional:**

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración das Nacións Unidas sobre a eliminación da discriminación contra a muller (1967).
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1993).
- Conferencias como a de Nairobi, Beijing ou Copenhague, supuxeron un gran impulso no traballo pola igualdade.

- **Ámbito Comunitario:**

- Tratado de Ámsterdam, establécese un compromiso formal de integración da igualdade en tódalas políticas da Unión Europea.
- Cinco programas de Acción Comunitaria para a Igualdade entre Mulleres e Homes, actualmente encóntrase en vigor o quinto.

- **Ámbito Estatal:**

- Constitución Española, recolle no artigo 14 o principio á non discriminación e no 9.2. lexitima as accións positivas como estratexia de actuación, "*corresponde*

aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos sexan reais e efectivas: remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

- IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2003-2006)
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

● **Ámbito Autonómico:**

- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes 2007-2010.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na comunidade autónoma de Galicia.

FILOSOFÍA DO PLAN

A filosofía que seguiu a elaboración do I Plan de Igualdade do Concello de Rábade estableceuse nuns principios desexables en canto á continuación do mesmo:

1. Elaborado polo **equipo de traballadores/as** do propio Concello de Rábade: tanto a nivel técnico como político, tódalas áreas do concello terán presenza na elaboración, implicación e compromiso do Plan como forma de contextualización municipal.
2. Enténdese como un **instrumento de política integral**, unha liña de acción común coordinada e coherente en igualdade de oportunidades dende as diferentes áreas municipais como medio para alcanzar a equidade de xénero lonxe da perspectiva asistencialista.
3. A **transversalidade** adóptase como estratexia partindo da responsabilidade e implicación de tódalas áreas do concello e da labor conxunta con tódolos axentes sociais. Partimos do principio de determinar a área de igualdade como facilitadora de procesos que permitan a outras áreas realizar o seu traballo integrando nel a perspectiva de xénero.
4. **Interdiscipliniedade**, mediante o traballo dun equipo conformado por diferentes profesionais municipais, conseguíuse manter unha liña de traballo reflexivo, crítico e constructivo que potenciou a integración de tódolos saberes por ámbitos neste documento.
5. Carácter **participativo**, un Plan que afecta á cidadanía debe contar con esta. O Plan pretende converterse nun instrumento funcional que posúa significado no seu contexto local, polo que cabe rachar coa separación culturalmente arraigada entre administración e cidadanía utilizando como instrumento o Foro da Igualdade da web oficial do concello.
6. Con base na **prevención**, propiciando unha cultura e unhas normas de convivencia igualitarias que respecten a diferenza e a diversidade, co obxectivo de paliar os

efectos da problemática actual, así como o fomento da eliminación do sexismo e a potenciación dunha cultura igualitaria a través da educación.

7. O Plan será **aberto e flexible** no que á programación se refire, sempre baixo o criterio da coherencia e a viabilidade.
8. Implica un **compromiso político, técnico e ético** que máis alá da teoría formal, aposta pola funcionalidade do documento e unha proposta real con actuacións e obxectivos a medio/longo prazo.
9. Plan **avaliabile**, polo que incluírá un sistema de seguimento e avaliación inicial, de proceso e final con indicadores que permitirán analizar tanto o proceso como o impacto das actuacións.

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PLAN

Os principios que vertebran as liñas estratéxicas do I Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Rábade, están orientados de cara a superar discriminacións por razón de sexo e a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes dende diferentes ámbitos. Os principios nos que se somerxe o Plan abordan tódalas áreas, obxectivos, accións e recursos do Concello:

- Transversalidade; inclusión da igualdade entre homes e mulleres con significación intrínseca en tódalas políticas, programas, iniciativas, etc. con orixe no Concello de Rábade, mediante o acordo unánime e expreso dun compromiso, tanto a nivel político como técnico, que lexitime e consolide a forza da intencionalidade das actuacións en materia de igualdade.
- Accesibilidade; garantir igualdade no acceso de todos e todas aos recursos públicos como medida de mantemento dos dereitos e liberdades dos cidadáns e cidadás do Concello, na que se entende as diferentes circunstancias, tanto dos homes como especialmente das mulleres, que impiden en numerosos casos dispoñer e/ou aproveitar os recursos que se brindan dende a administración pública.
- Perspectiva de xénero; débese prestar atención non só as diferencias entre os homes e as mulleres, senón entre as realidades nas que convivimos as mulleres como medida igualdade. Debemos recoñecer a diferenza como base para a promoción da igualdade.
- Participación e empoderamento; débese consolidar unha presenza equilibrada de mulleres nos espazos públicos, así como nos espazos de decisión e participación social e política. A presenza das mulleres como cidadás activas do noso concello resulta esencial como medida de igualdade.
- Atención ás mulleres pertencentes a colectivos especialmente vulnerables; as mulleres con circunstancias persoais, familiares, económicas ou mesmo sociais vulnerables, precisan dunha atención especializada pois son obxecto dunha dobre e mesmo tripla discriminación dada polas propias circunstancias propias e pola

condición de muller.

A definición das liñas estratéxicas permite operativizar 6 grandes obxectivos presentes en tódolos ámbitos de actuación do Plan:

1. Igualdade na Administración Local
2. Igualdade na vida económica
3. Igualdade na representación e participación na toma de decisións
4. Igualdade na vida social
5. Igualdade na vida cívica
6. Igualdade no reparto de roles

Os ámbitos de actuación dos que se ocupa o I Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Rábade atende a 7 grandes ámbitos cuns obxectivos e accións interrelacionadas a desenvolver entre o 2009 e o 2013 por tódalas áreas técnicas e políticas do Concello de Rábade :

- Educación e cultura
- Formación e emprego
- Benestar social
- Igualdade na Administración Local
- Participación e empoderamento
- Saúde
- Violencia de xénero

EDUCACIÓN E CULTURA

As persoas nacemos cuns determinantes biolóxicos que fixan a nosa pertenza sexual, así seremos homes ou mulleres. O que debera ser unha mera condición biolóxica, transfórmase nun modulado social que predetermina un sistema de símbolos e valores clasificados en función do xénero: feminino ou masculino. Esta construción social de identidade persoal, atribución de roles, valores e espazos, refírese a un proceso de orixe puramente cultural no que se consolidan, cunha inxusta lexitimación social e cultural, as desigualdades entre un e outro sexo outorgadas polo xénero.

Nenos e nenas nacen cun sexo biolóxico, pero ademais terán que adquirir e adoptar conductas asociadas a homes e a mulleres, isto é, trazos da personalidade, actitudes, comportamentos, etc. culturalmente predeterminados. Deste xeito, a medida que crecen, nenos e nenas adquiren roles de xénero (patróns de conducta considerados apropiados e desexables para cada sexo). Esta socialización de xénero é un proceso continuo que comeza na familia e progresivamente se consolida por influencias doutros axentes socioeducativos como o grupo de iguais, a escola ou os medios de comunicación. O cambio cara a igualdade esixe un proceso de transformación que implique a tódalas variables que conforman ás persoas, e neste senso, unha parte determinante confórmaa a educación, a cultura e as formas de lecer. A educación no seu conxunto adquire o seu significado nun tempo e lugar determinados, pois ambas variables espaciais inflúen na óptica dende a que se percibe unha boa educación. Así, no noso tempo somos conscientes de que a educación e cultura impostas en gran medida non se corresponden có noso tempo nin coa evolución da nosa sociedade, polo que se precisa un cambio promovido dende a reflexión, dende a crítica constructiva, dende os propios cidadáns e cidadás, para conseguir adecuar a educación, a cultura e as formas de lecer ás novas expectativas cimentadas na sociedade na que convivimos, na sociedade do noso tempo.

OBXECTIVO XERAL

Desenvolver e consolidar un proceso socioeducativo a nivel comunitario con base no desenvolvemento integral dos cidadáns e cidadás como suxeitos activos e críticos capaces de actuar como protagonistas da realidade rabadense en clave de igualdade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Impulsar unha educación libre de roles e estereotipos sexistas promotores de desigualdades e discriminacións, tomando como base para o desenvolvemento dun proceso educativo promotor da igualdade entre homes e mulleres a coeducación.
 - Establecer e consolidar unha rede de colaboración cós centros educativos de primaria e secundaria do concello para incluír actuacións específicas en materia de igualdade nos respectivos Programas Educativos.
 - Incluír no Proxecto Educativo de Centro, nos Plans de mellora da convivencia e nos Plans de Calidade, tanto do IES como do CEIP obxectivos operativos en materia de igualdade.
 - Facilitar material para o traballo transversal da igualdade nas diferentes materias en xeral e, máis concretamente, nas titorías que inclúan estratexias de promoción da convivencia igualitaria entre homes e mulleres, de valores de convivencia e da resolución eficaz de conflitos.
 - Asesorar en formación ó profesorado para a eliminación de estereotipos sexistas, transmitidos habitualmente de forma involuntaria mediante o currículo oculto, dentro dos distintos niveis educativos (Primaria, E.S.O., Bacharelato, Educación de Adultos)
 - Impulsar accións informativas no IES Río Miño entorno á diversidade de opcións de formativas postobrigatorias para promover a incorporación das mulleres a profesións tradicionalmente masculinizadas.

- Potenciar unha cultura comunitaria promotora de valores en base á igualdade, corresponsabilidade, participación, reflexión e crítica constructiva.
 - Creación de material divulgativo en igualdade contextualizado na realidade rabadense
 - Incluír a transversalidade en clave de xénero nas políticas culturais locais.
 - Promover alternativas de ocio adecuadas ás circunstancias persoais e familiares das mulleres.
 - Introducir no colectivo masculino, mediante material informativo e obradoiros, aprendizaxes culturalmente feminizados, como forma de fomentar a corresponsabilidade no fogar e liberar á muller da dobre ou tripla xornada laboral.
 - Garantir que as manifestacións culturais non sexan discriminatorias.

- Promover actitudes e reflexións que incidan na valoración persoal, familiar, social, económica e política positiva de eidos culturalmente asignados ás mulleres.
 - Visibilizar a importancia do papel das mulleres ó longo da nosa historia.
 - Facilitar a utilización de espazos públicos municipais para a promoción de experiencias artísticas e culturais das mulleres rabadenses.
 - Creación dun foro comunitario pola igualdade que promova a participación da totalidade da poboación rabadense.

- Fomentar o acceso á educación a tódolos cidadáns e cidadás do concello de Rábade considerando ás circunstancias persoais que dificultan o acceso á mesma.
 - Facilitar e potenciar o acceso á alfabetización básica de cara a mulleres adultas como forma de traballar a súa autoestima, redes relacionais, capacidade crítica...
 - Fomentar a animación á lectura na biblioteca municipal que evidencie a necesidade de incrementala preocupación e a acción en materia de igualdade.
 - Fomentar a participación das mulleres no medio sociocultural do concello

- Fomentar a igualdade a través da cultura
 - Conmemoración anual do 8 de Marzo, realizando actividades que impliquen á propia comunidade como: conferencias, concertos, obras de teatro... tomando en consideración a participación e opinión das asociacións rabadenses.
 - Proxección de películas con certa continuidade que promovan o recurso do Cinefórum como medio para visibilizar por parte das novas xeracións o papel das mulleres no pasado, o que está a desenvolver no presente e a esperanza do que estea por vir.
 - Visibilizar mediante actos socioculturais o papel artístico, político, etc. de mulleres pertencentes a outras culturas, incidindo na diversidade como fonte de riqueza.

FORMACIÓN E EMPREGO

Facendo unha pequena análise da evolución social das últimas décadas observamos un fenómeno de gran transcendencia: a incorporación da muller ó mercado laboral. Este feito, relativamente recente, está directamente relacionado có desenvolvemento económico. Se ben inicialmente o emprego feminino era considerado como secundario, pasou a ser xa un dereito indiscutible de independencia económica e de desenvolvemento profesional para tódolos cidadáns e cidadás.

O mantemento de modelos estereotipados de desenvolvemento persoal sustentados en concepcións tradicionais baseadas nunha cultura profundamente masculinizada, requiren modificacións fundamentadas nos valores que se lle quere dar á sociedade actual, baseadas en actitudes que potencien por igual as posibilidades persoais e profesionais en función das capacidades tanto para os homes como para as mulleres.

Hoxe en día, podemos afirmar que en relación ó mercado laboral, as mulleres viven unha situación de marxinación con base, non tanto na súa formación, preparación para a actividade e capacidades de desenvolvemento da mesma, senón na supervivencia de estruturas sesgadas por razón de xénero que lles atribúe un papel subordinado nas relacións sociais e en especial nas relacións productivas e económicas.

Cando se elaboran definicións destinadas ás mulleres como é o caso de "sesgo de xénero", evidénciase a discriminación na que se mergullan. Os sesgos de xénero son barreiras coas que se atopan as mulleres na sociedade para lograr o acceso, o control e o goce dos beneficios sociais xerados a nivel colectivo pola xerarquización estruturante das sociedades que asignan maior control e dominio dos homes sobre as mulleres. Neste senso podemos destacar que cando falamos de igualdade e vida económica é importante subliñar que existen factores sociais que favorecen a maior predisposición de cara á precariedade laboral das mulleres, consecuencia directa do papel subordinado que tradicionalmente ocupamos na sociedade en xeral, e na familia en particular.

As menores taxas de participación no emprego, as diferenzas salariais, a elevada presenza de postos a tempo parcial ocupadas por mulleres así como na economía somerxida, a dobre e tripla xornada laboral, etc. son evidencias do desequilibrio laboral predeterminado xa dende o nacemento por unha cuestión de xénero.

Por outra banda, as mulleres que traballan de forma non remunerada no espazo doméstico non reciben unha valoración nin económica nin social do traballo desenvolvido, carecen de prestación por desemprego, vacacións, xubilación, é como si nunca traballasen. Polo que se refire a mulleres viúvas ou nais solteiras, están predispostas a padecer situacións de precariedade económica polo feito de non ter apoio da parella e polo feito de ser mulleres.

En definitiva, a falta nalgúns casos de autonomía económica das mulleres leva a relegalas a unha situación de vulnerabilidade que dificulta o seu empoderamento. Con este Plan, debemos contemplar o traballo como unha ferramenta de integración social, de desenvolvemento e superación persoal, de autoestima, de fomento de redes sociais... En resumo, do fomento do poder da comunidade dende o crecemento de tódolos cidadáns e cidadás.

OBXECTIVO XERAL

Fomentar unha toma de conciencia a nivel comunitario entorno á necesidade de revisar e cambiar a perspectiva socioeconómica masculinizada socialmente establecida para incluír a igualdade como principio, responsabilidade e dereito adquirido pola nosa condición de cidadás e cidadáns.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Favorecer a incorporación da muller ao mundo laboral
 - Desenvolvemento de accións de información, orientación laboral e procura de emprego dirixidas a mulleres, con especial atención ás mulleres pertencentes a colectivos vulnerables.
 - Actuacións encamiñadas a incidir na motivación entorno á incorporación laboral das mulleres como forma de desenvolvemento integral das mesmas ampliando as súas relacións sociais, expectativas, superación persoal, autoestima...
 - Intercambio de experiencias con localidades veciñas para buscar novas alternativas para a mellora laboral das mulleres.
 - Orientación e asesoramento laboral para o acceso ás accións formativas da

zona.

- Informar, sensibilizar e reflexionar sobre as dificultades obxecto de discriminacións existentes entorno ó acceso ó mercado laboral das mulleres.
 - Sensibilización sobre o desequilibrio laboral entre os homes e as mulleres mediante sesións informativas e reflexivas en temáticas básicas neste eido: corresponsabilidade, dobre e incluso tripla xornada laboral, desigualdade nos salarios...
 - Fomento da capacidade e iniciativa laboral das mulleres como forma de potencia-la súa propia autoestima mediante a participación activa e crítica, o aumento do tecido de redes sociolaborais, o aumento das expectativas persoais...
 - Inclusión transversal da problemática real nas accións de iniciativa local.
 - Visibilizar a valoración social, familiar e económica que representa a labor desenvolta polas mulleres galegas ó longo do tempo

- Potenciar accións de información e emprego ás empresas
 - Accións de asesoramento ás empresas sobre axudas da administración que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral.
 - Desenvolvemento de sesións informativas e formativas con motivacións no autoemprego das mulleres nos centros educativos, asociacións de mulleres, educación de persoas adultas, etc.

- Ampliar o coñecemento da situación sociolaboral das mulleres
 - Visualización da evolución da situación sociolaboral e condicións de emprego das mulleres no espazo rabadense.
 - Realización dunha xornada informativa sobre a necesidade de coñecer e mellorar a situación laboral e as circunstancias propias características das mulleres.

- Fortalecer os perfís profesionais das mulleres para facilitar o seu acceso a sectores e profesións nas que se atopen sub-representadas

- Fomento de programas de orientación escolar co obxecto de promover unha elección non sexista das opcións educativas e profesionais
- Propiciar iniciativas de autoemprego emprendidas por mulleres.
 - Asesoramento en actividades formativas en habilidades directivas.
 - Información, orientación e asesoramento sobre alternativas de autoemprego existentes no contexto local e provincial.

BENESTAR SOCIAL

A estrutura da sociedade tradicional está en crise, as novas circunstancias que conforman a nova sociedade non permiten a continuidade das formas, valores e expectativas mantidas durante anos.

A incorporación das mulleres ó mercado de traballo, o envellecemento poboacional, os novos modelos familiares, os valores sociais dominantes, as novas tecnoloxías... entre outros factores, impiden o funcionamento da sociedade tradicional dotada de dúas esferas fundamentais cimentadas na diferenza: O ámbito productivo e público claramente masculinizado, e o ámbito reproductivo relegado á esfera privada, doméstica e gratuíta, de carácter feminino.

A insostenibilidade deste modelo radica nas novas variables sociais, familiares, económicas e políticas nas que convivimos. O acceso das mulleres á esfera productiva non estivo acompañada da incorporación á esfera reproductiva dos homes, polo que a desigualdade de oportunidades resulta evidente.

A tradución desta situación, desta carga cultural e socialmente imposta sobre as mulleres conleva numerosas consecuencias que reverten directamente sobre a independencia, a autonomía e a liberdade e igualdade de oportunidades das mesmas, entre as que destacan: a ocupación eminentemente feminina dos traballos a tempo parcial, a sobrecarga laboral consecuencia da suma da xornada laboral e a xornada doméstica na que se inclúe o traballo do fogar, o coidado dos fillos, fillas e marido, ademais das cargas familiares dependentes habitualmente engadidas, a todo isto súmase a estética da muller pois esta debe responder a uns estereotipos culturais de beleza para non ser obxecto doutro tipo de marxinación sociolaboral, todas estas cargas supoñen unha redución salarial con respecto ó colectivo masculino. Resulta lóxico pensar que esta situación diminúe o benestar persoal e a calidade de vida das mulleres.

A posibilidade de implementar fórmulas adecuadas á nova situación social fundamentadas no consenso de homes e mulleres, podería supoñer mellorar a calidade de vida de cidadáns e cidadás, creación de emprego e incremento da produtividade no ámbito productivo. Só hai que revisar a estrutura social en canto ás necesidades, expectativas e circunstancias das persoas que a compoñen, é dicir, dos homes e das mulleres.

OBXECTIVO XERAL

Promover como motor de cambio aos propios cidadáns e cidadás rabadense en prol da igualdade mediante a sensibilización, a reflexión e a crítica, tanto persoal como comunitaria, e a reacción en consecuencia desta, dotando d relevancia merecida a necesidade de establecer unha real e efectiva corresponsabilidade entre homes e mulleres como mecanismo imprescindible e prioritario no traballo pola igualdade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Promover o cambio e eliminación nos valores, actitudes e estereotipos sexistas culturalmente integrados, que exclúen ós homes de facer da corresponsabilidade no fogar unha realidade.
 - Inclusión na programación sociocultural do concello actividades, contidos e experiencias (teatro, deporte, cine...) con eliminación dos roles de xénero sexistas.
 - Realización de actuacións concretas como obradoiros e/ou xornadas, en colaboración coas asociacións de mulleres rabadenses, que fomenten o coñecemento mutuo entre as labores socialmente masculinizadas e as feminizadas, e a necesidade de interrelación das mesmas.
 - Organización de sesións informativas e material divulgativo que achegue contidos sobre o significado da corresponsabilidade como necesidade social, familiar e económica.
 - Utilización dos medios de comunicación dispoñibles para fomentar o uso de imaxes que visibilicen a corresponsabilidade.
- Desenvolver alternativas, dentro das posibilidades do concello, para favorecer a conciliación familiar e laboral para homes e mulleres.
 - Dotación dun servizo itinerante de ludoteca naquelas actividades organizadas para as familias de tal forma que se asegure a posibilidade de asistencia, tanto

dos homes como das mulleres, á dita actividade.

- Informar e sensibilizar á poboación sobre as alternativas conciliadoras motivadoras da corresponsabilidade, como é o caso do permiso de paternidade.
 - Desenvolvemento de actividades que fortalezan a autonomía persoal, a autoestima e a motivación propia de homes e mulleres cuestionando estereotipos de xénero.
 - Organización de recursos e formación que incentiven a participación social das mulleres.
-
- Potenciar a percepción social das mulleres como medio para propiciar o benestar social das mesmas
 - Planificación de actividades e recursos que partan das necesidades reais das mulleres e que incentiven a participación.

IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O feito de incluír dende un eido transversal a perspectiva de xénero na Administración Local, é parte dun proceso que esixe unha transformación real e efectiva da estrutura e funcionamento da mesma, sendo preciso adquirir un compromiso e unha conciencia a nivel técnico e político, de cara a necesidade de crear as condicións oportunas para a igualdade dentro do propio Concello.

O Concello de Rábade deberá representar o obxecto do Plan de Igualdade entre homes e mulleres. É a administración máis próxima aos cidadáns e cidadás e ten a obriga de traballar en beneficio do desenvolvemento comunitario de Rábade en clave de igualdade. Así mesmo, a sensibilización e a conciencia de necesidade e responsabilidade social, política e técnica de cara á igualdade debe ser transmitida no comportamento, actitudes e valores emanados da Administración Local, como medio de introducilos no sistema de xestión estratéxica desta.

OBXECTIVO XERAL

Incluír transversalmente a perspectiva de xénero na Administración Local mediante un compromiso a nivel técnico e político, que contemple a igualdade de xénero como unha responsabilidade pública, persoal e moral.

OBXECTIVOS E ACCIÓNS

- Establecer un compromiso de incluír transversalmente a perspectiva de xénero nas actuacións, iniciativas e políticas locais do Concello de Rábade a nivel interno.
 - Inclusión da perspectiva de xénero en tódalas iniciativas con orixe na administración local de Rábade.
 - Establecemento e consolidación da necesidade e responsabilidade pública de adecuar as propostas e actuacións do concello á perspectiva de xénero.
 - Introducción da variable sexo en tódolos procedementos de recollida de información municipais.
 - Realización dunha diagnose xeral que analice a conciliación da vida persoal e familiar da poboación rabadense.
 - Establecemento de medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar do persoal municipal, sen prexuízo da calidade do servizo ofrecido á poboación.
 - Adaptación dos horarios dos servizos municipais con relación ás necesidades dos traballadores municipais para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, no marco dos Plans Municipais de organización do tempo do concello.

- Incorporar a perspectiva de xénero na xestión estratéxica municipal.
 - Participación activa en rede con outros concellos para fomentar o intercambio de experiencias que favorezan a igualdade na xestión municipal.

- Impulsar o I Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres do Concello de Rábade.
 - Difusión do Plan de Igualdade no Concello.
 - Distribución do Plan ó persoal técnico do Concello coa sinalización expresa de

aqueles puntos nos que se encontran especialmente involucrados.

- Nombramento de persoas en servizos estratéxicos para que participen en equipos de traballo que procuren o seguimento do Plan así como á adecuación do mesmo ás melloras propostas.
- Formar en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres aos diferentes membros da corporación municipal a nivel político, técnico e moral.
 - Informar e asesorar a todo o persoal político e técnico para a efectiva transversalidade de xénero.
 - Realizar accións formativas en materia de igualdade de oportunidades dirixidas ao persoal técnico e político municipal, como garantía de inclusión da perspectiva de xénero nos procedementos iniciados no ámbito local.
- Garantir a consolidación da utilización dunha linguaxe non sexista en toda a documentación procedente do concello.
 - Normalizar o uso dunha linguaxe non sexista nos documentos oficiais da Administración Local, facilitando o uso dun corrector de linguaxe non sexista
 - Difusión de guías e manuais de procedemento elaborados pola Xunta de Galicia para evitar o emprego dunha linguaxe sexista.

PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO

A participación é a base do empoderamento, da toma de decisións, do crecemento persoal, da autoestima... A participación é unha necesidade imprescindible para acadar unha real e efectiva igualdade, xa que a partir desta inclúese a perspectiva, a opinión, o pensamento dos cidadáns e cidadás no desenvolvemento social, familiar e incluso político da comunidade.

A preocupante ausencia de mulleres en espazos de poder e influencia implica que a igualdade formal a nivel lexislativo, non se traduce necesariamente nunha igualdade real a nivel social. Para unha transformación real en clave de xénero ten que promoverse dende a sociedade, dende as persoas que a conforman, se o obxecto é que se trate dunha igualdade efectiva que non se quede en papel mollado. Este Plan pretende conformarse como liña estratéxica do cambio a nivel cidadá, sendo a propia comunidade a que lle de forma ó seu contido, para o que é preciso a participación da cidadanía.

Unha das liñas estratéxicas do Plan aborda o empoderamento como medio para a toma de conciencia do poder individual e colectivo que posúen tanto as persoas como as asociacións, en favor de potenciar a participación nos procesos de toma de decisións, o acceso ó exercicio de poder, na capacidade de exercer influencia así de aumentar a confianza, autoestima e expectativas persoais que reverten nunha maior autonomía sobre a propia vida.

OBXECTIVO XERAL

Promover a participación cidadá como unha prioridade no proceso de igualdade ó comprender unha actitude responsable de cara ós dereitos e deberes para con a comunidade, establecéndose a participación constructiva en clave de igualdade como principio básico de desenvolvemento e dinamización comunitaria.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Promover a participación social, política e económica das mulleres
 - Realización de campañas de sensibilización continuas en materia de igualdade nas diferentes actuacións iniciadas dende o Concello para incidir na importancia, necesidade e contribucións específicas que supuxo e supón a participación das mulleres nas esferas de toma de decisións de tódolos ámbitos da vida.
 - Inclusión e priorización de contidos que propicien a diversidade e pluralidade das mulleres e dos homes, sen submisión de ningún sexo.
 - Desenvolvemento de liñas de actuación de cara á eliminación de barreiras que sofren as mulleres do ámbito rural no acceso á educación, emprego, e fomentar a súa participación na toma de decisións como contribución á eliminación dos tradicionais desequilibrios existentes entre homes e mulleres.

- Fomentar a creación, mantemento, dinamización e apoio mutuo do tecido asociativo, tanto de homes como de mulleres, con participación activa na vida do concello
 - Promoción do asociacionismo mediante actividades de información, formación e asesoramento a nivel asociativo, xestión, coordinación e dirección así como de subvencións para a súa creación e actividades.
 - Facilitación de espazos de reunión para as distintas asociacións rabadenses.
 - Organización de actividades promotoras do asociacionismo nos centros educativos, como medio de potenciar o espírito activa da cidadanía máis moza.

- Organización e colaboración na coordinación de encontros con outras asociacións doutros concellos veciños para fomentar o intercambio de experiencias e consolidar unha rede asociativa dinamizadora da acción cidadá.
- Potenciar a participación das mulleres nos ámbitos nos que se encontren sub-representadas como son os espazos de toma de decisións.
 - Inclusión nos programas dos centros educativos de sesións destinadas ó alumnado que aborden a necesidade de intensificar unha intervención activa, responsable e crítica das mulleres tanto na vida pública como na privada.
 - Organización de sesións incluídas na programación de actividades con adultos que incidan na potenciación de habilidades sociais centradas na toma de decisións, capacidade reflexiva e comunicación.

SAÚDE

É coñecido por todos e todas que as mulleres teñen unha esperanza de vida maior que os homes, o cal non é sinónimo de calidade de vida.

Homes e mulleres posuímos diferenzas físicas a nivel biolóxico, polo que resulta lóxico pensar que en temas sanitarios esa diferenza influirá sobre o diagnóstico, evolución e seguimento duns ou doutros. Pois ben, a investigación sanitaria posúe un carácter gravemente masculinizado, as probas experimentais de medicamentos, os efectos das drogas, a evolución das enfermidades, etc. son reflexo da discriminación cultural e social na que se sume ás mulleres, xa que a maior parte dos grupos control estaban formados por varóns, de xeito que é neste momento cando a ciencia está sometida a unha crítica imprescindible e tardía que require a perspectiva da igualdade.

Neste senso, as mulleres tamén temos outras circunstancias persoais que nos fan máis propensas a unhas ou outras patoloxías, polo que se fai necesario unha abordaxe integral do ámbito sanitario no Plan de Igualdade, que trate temáticas tan importantes como a saúde sexual, a reproductiva, as enfermidades especificamente femininas... Como forma de promover unha boa saúde entre as mulleres mediante o favorecemento do coñecemento sobre o seu propio corpo, opcións persoais, consecuencias, etc. As accións que seguen pretenden dotar ás mulleres rabadenses de saberes en temáticas sanitarias que as fagan máis libres e autónomas para tomar decisións sobre a súa vida.

OBXECTIVO XERAL

Promover e mellorar a saúde e calidade de vida da comunidade dende unha perspectiva integral, é dicir, a nivel físico, psicolóxico e social, dotando de importancia a diferenciación en función do sexo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Promover a saúde nas mulleres e o acceso aos recursos e servizos sociosanitarios así como os riscos engadidos que supón a súa condición de muller, para acadar o seu benestar físico, emocional e social.
 - Dotación de información e asesoramento sobre os recursos sociais á súa disposición.
 - Visibilización dos riscos e as patoloxías laborais que comportan os traballos en xeral, e os social e culturalmente feminizados en particular.
 - Elaboración e difusión de material informativo dirixido a persoas coidadoras con recomendacións para o desenvolvemento correcto das tarefas asociadas ó coidado para previr problemáticas de saúde físicas e psíquicas que supón este traballo.
 - Colaboración coas institucións sanitarias nas campañas de información e prevención do cancro xenital e de mama.
- Promover a adquisición de hábitos de vida saudables dende a formación e a prevención.
 - Oferta periódica de sesións informativas de temáticas de saúde con apartados específicos para mulleres e as diferentes formas de afeccións das enfermidades para un e outro sexo., así como o fomento de hábitos de vida máis saudables.
 - Desenvolvemento de programas específicos para persoas da terceira idade dende unha perspectiva preventiva do autocoidado, e da eliminación da automedicación, có fin de prolongar a súa autonomía persoal.
 - Difusión da importancia de hábitos de vida saudables no fogar para previr patoloxías asociadas á infancia, adolescencia, xuventude e madurez, dotando de

especial relevancia ós trastornos alimentarios e a obesidade infantil.

- Promover unha información e coñecemento sobre os riscos asociados á práctica sexual có fin de mellorar a calidade de vida e a liberdade da comunidade rabadense.
 - Realización e coordinación de programas dirixidos á xuventude que garantan unha información, coñecemento e asesoría sexual real e efectiva adecuada á súa idade.
 - Implementación nos centros educativos de programas relacionados coa saúde sexual en función da idade.
 - Realización de sesións informativas dirixidas a nais e pais para ofrecer recomendacións sobre a educación afectivo-sexual que deben darlle aos seus fillos e fillas.

- Potenciar a capacidade reflexiva e de toma de decisións da poboación en canto á incidencia que ten sobre a súa saúde o consumo de drogas.
 - Realización de obradoiros formativos en materia de prevención de drogodependencias incluídos nos programas dos centros educativos do concello.
 - Sensibilización de cara os pais e as nais sobre os consumos e a pautas de prevención de drogodependencias con contidos diferenciados en función do sexo dos fillos.
 - Xornadas formativas en drogodependencias sobre as tendencias, efectos e consecuencias do consumo de drogas dende a perspectiva de xénero.
 - Sensibilización entorno ó consumo de drogas feminizado, socialmente asociado a patoloxías femininas.

VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia contra a muller é definida pola ONU en 1995 como “todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psíquico, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou privada”, senso independente da idade, clase social, situación laboral, nivel educativo, ideoloxía política ou relixiosa... Un feito a destacar é que en Galicia a porcentaxe de casos de violencia doméstica no ámbito rural é alarmantemente máis elevada, podéndose falar do 70% dos casos denunciados, sendo tamén destacable que a presenza de alcohol chega ó 65% dos actos violentos intrafamiliares denunciados.

A violencia é unha conducta aprendida a través do proceso de socialización. Unha maioría de expertos e expertas nesta materia conclúen que a orixe da violencia intrafamiliar ten base na concepción de poder masculino de cara á submisión feminina, tanto física como psicolóxica, có obxecto de manter o equilibrio na estrutura patriarcal. As tradicións, costumes e mesmo relixións, nalgúns casos apoian esta postura masculinizada.

A nosa sociedade, como ben recoñecemos ó longo de todo o Plan, evolucionou en clave de xénero o que tamén leva implícito un cambio de percepción de cara á violencia contra as mulleres. A violencia de xénero era, ata fai pouco, un concepto impreciso e pouco visible, eran problemas de parella que se debían quedar no fogar, é dicir, non tiña unha lexitimación moral pero si social e cultural.

Na actualidade os actos violentos contra as mulleres e contra os homes son lexitimamente penados pola lei, pola sociedade, pola cultura, pola política e por tódolos eidos da comunidade, sen embargo non se transformou a causa de orixe desa discriminación extrema, o poder masculino e a subordinación feminina.

Este Plan procura traballar de cara a transformar a sociedade dende a base, e para elo incide na sensibilización, crítica, reflexión e toma de decisións en clave de xénero da comunidade rabadense como medio único para o cambio real e efectivo de cara á igualdade.

OBXECTIVOS XERAL

Promover a prevención, detección e denuncia da violencia de xénero como problemática de orde pública e carácter social, partindo do coñecemento, toma de conciencia e reflexión persoal e comunitaria do pobo rabadense.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS

- Fomentar a toma de conciencia, a reflexión e a crítica, tanto persoal como pública, a nivel comunitario sobre a problemática social que supón a violencia de xénero en tódalas súas formas.
 - Organización de actividades de información/formacións adecuadas ós distintos colectivos destinatarios, para promover o coñecemento da problemática da violencia de xénero.
 - Elaborar e difundir con mecanismos de implicación comunitaria, material informativo sobre a violencia de xénero.
 - Creación dun punto de información coñecido por toda a comunidade onde se poidan dirixir aquelas persoas que precisen información e asesoramento acerca da problemática da violencia de xénero.
 - Promover campañas de sensibilización animando á denuncia dos casos de malos tratos.

- Desenvolvemento de actuacións formativas incluídas nos programas dos centros educativos rabadenses e no programa de actividades sociais do Concello, que promovan unha sensibilización e conciencia das diversas situacións de maltrato que acontecen en tódalas etapas da vida e das que todos e todas podemos ser vítimas.
 - Obtención de recursos educativos (xogos, xoguetes, libros, actividades...) que permitan unha abordaxe integral e transversal da violencia de xénero en función das idades destinatarias.
 - Organización de reunións periódicas do equipo de técnicos municipais encargados de traballar a violencia de xénero para a creación, innovación e interrelación de actuacións nesta materia
 - Organización de sesións formativas nos centros educativos, levadas a cabo por

técnicos expertos na materia, que afonden no desenvolvemento de habilidades sociais como a autoestima, o estilo comunicativo, a toma de decisións, habilidades emocionais... dun xeito transversal, como forma de traballo preventivo entorno á violencia de xénero.

- Realización de sesións formativas no IES de Rábade adecaudas ás idades destinatarias, có fin de concienciar aos adolescentes sobre as diferentes formas do maltrato, a súa evolución e consecuencias, así como das formas habituais de inicio do mesmo, a detección e a denuncia.
- Crear espazos de discusión constructiva nos que toda a comunidade, e con especial relevancia no caso dos axentes educativos como as nais, pais e docentes, afonden na consecución dunha educación que aposte pola prevención en materia de violencia de xénero.
 - Organización de sesións informativas/formativas e de debate constructivo nas que se traballe en materia de violencia de xénero en función do colectivo destinatario, tratando a problemática do maltrato dende diferentes áreas: inicio, tipoloxía, evolución, formas, detección, denuncia e conclusións.
 - Sensibilización acerca da necesidade de incidir na prevención da violencia dende a infancia ofrecendo pautas educativas en relación ás etapas vitais dos fillos e fillas.
- Ofrecer unha atención integral e efectiva ás vítimas de violencia de xénero.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

A avaliación é unha ferramenta imprescindible en toda actuación que se presuma profesional. Neste senso, o Concello de Rábade concibe a avaliación como un recurso transversal a todo ámbito, obxectivo e acción do Plan, cunha significación intrínseca en si mesma, dotando de enriquecemento continuo e integral ó proceso de igualdade pretendido mediante a flexibilidade, adecuación en mellora constante que permite de cara ó Plan.

A avaliación debe entenderse como un proceso de abordaxe de tódalas etapas que conforman o Plan, ó fin de utilizala como instrumento de axuste da planificación, así como de análise do cumprimento dos obxectivos propostos e a mellora das actuacións levadas a cabo.

A avaliación terá un carácter participativo, crítico e consensuado, pois neste proceso deberán intervir tódalas persoas implicadas no Plan a nivel político, técnico e cidadá, dotándose de gran importancia a colaboración do tecido asociativo rabadense, polo que se organizará unha recollida e análise de avaliación a tódolos niveis capaz de adecuar ó Plan ás novas necesidades, circunstancias e inquedanzas dos protagonistas das accións en clave de igualdade.

A avaliación, para ser o máis realista posible, constará de tres fases en relación á etapa de desenvolvemento do Plan:

- **Avaliación Inicial**

Esta primeira fase da avaliación será a que determine as melloras obtidas trala posta en marcha do Plan. Así mesmo, encárgase de recoller a percepción inicial da comunidade de cara ó Plan nos eidos de: necesidade do Plan de Igualdade para Rábade, expectativas do mesmo, intención de participación nas accións, interese de cara ó Plan... A avaliación inicial permitiranos potenciar e adecuar determinadas accións en igualdade ás reflexións iniciais da poboación rabadense.

- **Avaliación de Proceso**

Esta etapa é imprescindible nun proceso tan dificultoso como é o propósito de incidir nunha transformación social para incluír a perspectiva de xénero en

tódolos ámbitos da mesma. Así pois, esta etapa avaliativa permite a adecuación e mellora continua das accións do Plan en tanto ós obxectivos, accións, metodoloxías, grupos destinatarios, etc. De feito, nas características citadas no principio do documento, noméase a flexibilidade do Plan, esta será efectiva grazas a avaliación de proceso da posta en práctica do Plan.

- **Avaliación Final**

A etapa final da avaliación refírese a unha análise e valoración do impacto e dos resultados do proceso de igualdade en relación á avaliación inicial e ó cumprimento dos obxectivos, accións e propostas xerais establecidas teoricamente sobre o papel do I Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Rábade.

Unha vez recollida a información, sometida a análises técnico e políticos, e elaboradas unhas conclusións finais, a avaliación será publicada na web oficial do Concello de Rábade a fin de que sexa coñecida polos usuarios protagonistas da acción en clave de igualdade.

